



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL
IES Manuel García Barros

Rúa da Cultura, s/n
36681 A Estrada (Pontevedra)
Tlf 986590104 / Fax: 986571478
ies.garcia.barros@edu.xunta.es
www.iesgarcia Barros.org



MEDIDAS TOMADAS POLO CENTRO

A organización do centro para o curso 2020-2021 ten como obxectivo prioritario a seguridade sanitaria da comunidade educativa:

- Tódolos postos escolares estarán a 1,5 m de distancia entre si ou separados por mamparas (nas aulas de apoio e de informática).
- Os grupos de 1º a 3º ESO e 4º ESO C son grupos estancos, non comparten aulas nin materias con outro grupo.
- O alumnado soamente poderá empregar as aulas asignadas a inicio de curso, e terá un sitio fixo, recollido por escrito polo titor ou polo profesor de materias impartidas fóra da aula ordinaria, e entregado ao equipo COVID co fin de rexistralo.
- A partir das 08:35 ,e das 16:20 os martes pola tarde, as aulas estarán abertas para que o alumnado acuda directamente e se eviten aglomeracións no patio, vestíbulo ou corredores.
- Nas saídas, o profesorado supervisará que se eviten aglomeracións e os estudantes abandonen o centro con orde e mantendo a distancia de seguridade.
- En tódolos espazos do centro estarán indicados sentidos de desprazamento.
- Só se poderá comer fóra do edificio nos patios, nunca no interior.
- Redúcese o aforo da cafetería, e para acceder haberá que gardar unha cola, con marcas no chan para manter a distancia de seguridade. Habilitouse unha porta de entrada e outra de saída
- Os aseos teñen reducido a un terzo o seu aforo. Indicarase en cada un deles o aforo máximo permitido.
- Aínda que o protocolo establece unha ventilación mínima de 15 minutos ao inicio da xornada, durante o recreo, e nos cambios de clase, as fiestras permanecerán abertas todo o tempo que sexa posible. É unha medida que os científicos consideran fundamental para evitar contaxios.
- Tódolos espazos do centro teñen a dotación establecida pola Consellería: xel hidroalcohólico, papel desbotable, papeleiras de pedal.

- Durante a xornada lectiva persoal de limpeza encargárase de desinfectar zonas comúns, e rematada a xornada escolar desinfectarase todo o centro.
- Os baños serán desinfectados despois de cada recreo.
- Está habilitado un espazo co único fin de manter illado ao alumnado que presente síntomas compatibles coa covid-19.
- Os usuarios do transporte escolar terán asignado un posto que deben ocupar durante todo o curso.
- Tódalas materias terán, como obriga o protocolo da Consellería, unha aula virtual que se terminará de preparar ao longo de setembro. Nos primeiros días de curso, o profesorado presentará esta aula ao alumnado, que se familiarizará co seu uso.
- Nos primeiros días de curso o profesorado titor revisará a situación de cada alumna e alumno en relación á dispoñibilidade de medios materiais para o posible seguimento de ensino a distancia. Recollida a información, deseñárase un plan para garantir que a totalidade do alumnado estará atendido ante unha hipotética suspensión parcial ou total da actividade lectiva presencial, ou ante unha situación de corentena.
- O plan de adaptación á situación covid-19 no curso 2020-2021, estará na páxina web do centro, unha vez sexa aprobado e presentado en consello escolar.

No centro hai un **equipo covid:**

Ana Fernández Pérez, coordinadora (directora)

Patricia Pérez Gippini (vicedirectora)

Augusto Otero Bugidos (profesor de Física e Química)

- Centro de saúde de referencia para atender a aparición de posibles casos durante a xornada escolar: **Centro de Saúde A Estrada.**